

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA



PROGRAMACIONES DIDÁCTICAS
2022 - 2023

IES DE RODEIRA

ECONOMÍA
4º ESO
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
2022 - 2023

M^a Concepción Alba Sánchez



ÍNDICE

1. Identificación da programación.....	4
2. Introducción e contextualización.....	5
3. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.....	6
4. Obxectivos.....	16
5. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos da etapa, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	17
6. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento da materia, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.....	25
7. Concreción para os estándares de aprendizaxe da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	26
8. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	31
9. Materiais e recursos didácticos.....	32
10. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.....	32
10.1. Avaliación inicial.....	32
10.2. Avaliación continua.....	33
10.3. Avaliación final.....	33
10.4. Avaliación extraordinaria e actividades de seguimento, recuperación das materias pendentes.....	34
11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.....	34
11.1. Indicadores de logro do proceso de ensino.....	34
11.2. Indicadores de logro da práctica docente.....	35
12. Avaliación da programación didáctica.....	35
12.1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.....	35
13. Medidas de atención á diversidade.....	38
14. Actividades complementarias e extraescolares.....	38
15. Referencias Normativas.....	39



16. Glosario e acrónimos.....40

1. Identificación da programación

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Nome	Ano académico	Sesións semanais	Nivel	Curso académico	Tipo de materia	Itinerario ensinanzas
Economía	2022/2023	3	ESO	4º	Troncal (TO)	Académicas

Profesorado asignado á materia	Mª CONCEPCIÓN ALBA SÁNCHEZ
---------------------------------------	----------------------------



2. Introducción e contextualización

A materia de Economía de 4º da ESO ven regulada polo Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo da ESO e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A formación en Economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. Aa consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

O alumando que acode ao IES de Rodeira pertence aos dous centros adscritos (CEIP A Rúa e CEIP Coiro-Castrillón), se ben tamén hai algúns de outras escolas de Cangas, Bueu e Moaña.

O nivel socioeconómico dos noso alumnado sitúase nun tramo medio. A actividade cultural da zona centralízase sobre todo en Cangas, vila máis importante e centro urbano ao que está máis vinculados o alumnado. Referente á lingua e usos lingüísticos, o castelán é principalmente a lingua de comunicación do alumnado, aínda que tamén existe unha minoría galego falante. Polo xeral a predisposición ao uso do galego na aula é limitado e ofrece algunha resistencia por parte do alumnado, fundamentalmente pola inercia nos anos anteriores e pola non existencia dun sistema de inmersión lingüística na educación infantil e primaria o que dificulta a súa expresión oral de forma fluída. No entanto, soe haber boa disposición á hora de empregalo de forma escrita, tanto para a realización das actividades como de outras tarefas que se soen encomendar. Por esta razón, a materia terá como lingua vehicular o galego, debendo usala en todas as súas manifestacións o alumnado durante as actividades académicas derivadas da mesma. Non esqueceremos a importancia que teñen as linguas, polo que tamén se porá en valor a utilidade da nosa lingua para comunicarnos dentro da lusofonía e, en particular, en Portugal.

A materia de 4º da ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos.

Dende esta materia preténdese como obxectivo a acadar que o alumnado sexa capaz de argumentar, debater e opinar sobre calquera tema de actualidade económica, a nivel familiar ou coloquial, manexando termos que, ata o de agora, eran descoñecidos ou que non formaban parte da súa linguaxe habitual.



3. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.

A materia de Economía de 4º da ESO contribúe en diferente medida ao desenvolvemento de todas as capacidades contempladas no currículo agás a competencia cultural e artística.

Competencias Clave	
CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais



Na seguinte táboa relacionanse os estándares de aprendizaxe coas competencias clave para materia de Economía de 4º ESO (perfil competencial da materia):

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave						
	CCL	CMCC T	CD	CA A	CSC	CSIEE	CCE C
▪ ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	X				X		
▪ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.			X	X			
▪ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	X						
▪ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.				X	X		
▪ ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.		X	X				
▪ ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.		X			X		
▪ ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.		X			X		
▪ ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.		X				X	
▪ ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.			X	X			
▪ ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan					X	X	
▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.		X			X		
▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades			X		X		
▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa	X	X	X				
▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.		X	X				
▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.		X	X				
▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.					X		
▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento		X	X	X			



▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado		X	X	X			
▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.		X	X	X			
▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional				X		X	
▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.				X	X		
▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	X	X					
▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos	X		X	X			
▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.			X	X			
▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	X	X	X				
▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	X	X		X			
▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións		X			X		
▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.		X	X				
▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo		X			X		
▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución	X				X		
▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	X	X					
▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	X	X			X		
▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda		X	X	X			
▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	X				X		
▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	X	X			X		
▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.		X	X				



Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO SEU DESENVOLVEMENTO	O alumnado iniciárase en termos relacionados coa economía básica e cos axentes económicos. Aprenderá a manexar termos que afectan a economía familiar (orçamento, préstamos, tarxetas bancarias, IPC,...), pasando polo mundo da empresa (impostos, inversión, produtividade, tipos de sociedades,...) ata chegar ao axente Estado (débeda pública, déficit público, PIB,...). Asemade, entenderá conceptos relacionados co comercio internacional, e deberá rematar o curso entendendo a maioría dos termos que poida ler na prensa económica ordinaria ou nun debate televisivo, e redactando argumentos precisos sobre temas de actualidade económica.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DA CCL	
ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	
ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	
ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	
ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	
ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	
ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	
ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	
ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	
ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	
ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	
ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	
ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	
ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	



ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.

ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

**CONTRIBUCIÓN DA
MATERIA AO SEU
DESENVOLVEMENTO**

O alumnado deberá facer cálculos e razoamentos matemáticos que lle permitan obter conclusións económicas sobre temas tales como: produtividade, beneficios, tipos de xuro, custos,... asemade analizará representacións gráficas sobre as que deberá facer razoamentos tanto matemáticos como económicos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DA CMCCT

ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.

ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.

ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.

ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.

ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía

ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.

ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.

ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.

ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento

ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.

ECB3.1.3. Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.



ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.
ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.
ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.
ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.
ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.
ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.
ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.
ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.
ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda
ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.
ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.
ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

**CONTRIBUCIÓN DA
 MATERIA AO SEU
 DESENVOLVEMENTO**

Para desenvolver esta competencia empregaranse os ordenadores para busca de información sobre temas de debate, para comparar condicións de préstamos, analizar pólizas de seguros e consultar a Bolsa de valores. O alumnado poderá entregar os seus traballos feitos con procesador de textos e empregar follas de cálculo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DA CD

ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións
ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.
ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.
ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.



ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.

ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.

ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.

ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento

ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.

ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.

ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.

ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.

ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.

ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.

ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda

ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.

ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego

ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.

ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.

ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.

APRENDER A APRENDER (CAA)

CONTRIBUCIÓN DA Fomentarase a reflexión sobre o que pode facer un por si mesmo, e o que se pode chegar a facer soa axuda dos demais.. A partir dos coñecementos na materia o alumnado deberá



**MATERIA AO SEU
DESENVOLVEMENTO**

ser quen de aprender de forma autónoma novos coñecementos guiado pola docente.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DA CAA

ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións

ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.

ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.

ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento

ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.

ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.

ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.

ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.

ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento

ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.

ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.

ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.

ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda

ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.

ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.

ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.

ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.



COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

**CONTRIBUCIÓN DA
MATERIA AO SEU
DESENVOLVEMENTO**

O alumnado adquirirá esta competencia a través do estudo da responsabilidade social e medioambiental da empresa e da actuación ética dos empresarios, tanto no que respecta ao recoñecementos dos dereitos dos traballadores e da conciliación da vida familiar e laboral como a contribución das obrigas fiscais á riqueza nacional e á mellora da calidade de vida.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DA CSC

ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.

ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.

ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.

ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.

ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.

ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía

ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.

ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.

ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.

ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento

ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.

ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.

ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.

ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.



ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.
ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.
ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego
ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.
ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.
ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.
ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.
ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO SEU DESENVOLVEMENTO	O alumnado deberá analizar a situación laboral e económica do seu entorno para poder detectar novas oportunidades de negocio. Desenvolverá esta competencia coa análise dos novos empregos xurdidos coa tecnoloxía e das axudas a emprendedores que se poden obter de diferentes organismos.
---	--

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DA CSC

ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.
ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.
ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA.

Programación Didáctica de **Economía (4º ESO)**

CURSO 2022- 2023



IES de Rodeira

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS (CCEC)

**ESTÁNDARES DE
APRENDIZAXE
AVALIÁBEIS**

Non hai ningún estándar de aprendizaxe vinculado a esta competencia na materia.



4. Obxectivos.

OBXECTIVOS DA ESO	Abreviatura
Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	a
Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	b
Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.	c
Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	d
Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	e
Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.	f
Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	g
Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.	h
Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.	i
Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	l
Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.	m
Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	n
Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.	ñ
Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.	o



5. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos da etapa, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Decreto 86/2015 do 25 de xuño (DOG 29/6/2015), no que se establece o currículo de ESO e Bacharelato. Segundo o RDL 31/2020, os estándares de aprendizaxe teñen carácter meramente orientativo.

Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Ideas económicas básicas				
a d f	1 B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. 2 B1.2. Principios na toma de decisións económicas. 3 B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	- B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	● CCL ● CSC
			■ ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	■ CAA ■ CD
f h o	■ B1.4. O método na economía: modelos económicos. ■ B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	■ B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	■ ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	■ CCL
			■ ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	■ CAA ■ CSC



Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> a f 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
Bloque 2. Economía e empresa				
<ul style="list-style-type: none"> a b e m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. 	<ul style="list-style-type: none"> ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD
			<ul style="list-style-type: none"> ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC



Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. ▪ B2.6. Sectores da actividade económica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. ▪ B2.9. Resultados da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Obrigas fiscais das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
Bloque 3. Economía persoal				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cum- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD



Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	▪ B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	primemento e as posibles necesidades de adaptación.	realiza o seu seguimento.	▪ CMCCT
			▪ ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
			▪ ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
▪ a ▪ d ▪ m	▪ B3.3. Planificación económico-financiera: necesidades económicas nas etapas da vida.	▪ B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	▪ ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ a ▪ f	▪ B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. ▪ B3.5. Risco e diversificación.	▪ B3.3. Expressar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	▪ ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	▪ CAA ▪ CSC
			▪ ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	▪ CAA ▪ CSC
▪ a ▪ b ▪ e ▪ f	▪ B3.6. O diñeiro. ▪ B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. ▪ B3.8. Relacións no mercado financeiro: información	▪ B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	▪ ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	▪ CCL ▪ CMCCT
			▪ ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar	▪ CCL



Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ g	e negociación. ▪ B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.		as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	▪ CAA ▪ CD
			▪ ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	▪ CAA ▪ CD
			▪ ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT
▪ e ▪ f ▪ g	▪ B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	▪ B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	▪ ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado				
▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g	▪ B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	▪ B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	▪ ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	▪ CD ▪ CMCCT



Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ ñ			▪ ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	▪ CCL ▪ CSC
▪ a ▪ e ▪ f	▪ B4.2. A débeda pública e o déficit público.	▪ B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	▪ ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	▪ CCL ▪ CMCCT
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f	▪ B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	▪ B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	▪ ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego				
▪ a ▪ c ▪ e	▪ B5.1. Tipos de xuro. ▪ B5.2. Inflación. ▪ B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.	▪ B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	▪ ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	▪ CCL ▪ CSC
			▪ ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese	▪ CCL



Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	▪ B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.		e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	▪ CD ▪ CMCCT
▪ a ▪ c ▪ e ▪ f	▪ B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. ▪ B5.6. Perspectivas da ocupación.	▪ B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	▪ ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	▪ CD ▪ CSC
			▪ ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	▪ CAA ▪ CD
Bloque 6. Economía internacional				
▪ a ▪ e ▪ f ▪ m	▪ B6.1. Globalización económica. ▪ B6.2. Comercio internacional. ▪ B6.3. Integración económica e monetaria europea. ▪ B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.	▪ B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	▪ ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	▪ CAA ▪ CSC
			▪ ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	▪ CCL ▪ CSC



Economía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC



6. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento da materia, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

As horas reflectidas non supoñen o total do horas dispoñibles para o curso. Déixanse sesións de axuste entre as unidades e en previsión de actividades do Centro.

A temporalización é flexible e adecuarase as necesidades e particularidades do grupo clase.

U.D.	Título	Duración (sesións)	Período (aprox.)
1	A Economía como ciencia	10	1T
2	A empresa	11	1T
3	A produción	14	1T
4	Economía persoal	12	2T
5	Sistema financeiro	11	2T
6	Economía, ingresos e gastos do Estado	11	2T
7	Diñeiro, tipos de xuro e inflación	11	3T
8	O desemprego	10	3T
9	Economía internacional	9	3T



7. Concreción para os estándares de aprendizaxe da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.

A temporalización dos estándares de aprendizaxe axustarase á temporalización das unidades, xa exposta no epígrafe 6. É dicir, cada estándar será avaliado principalmente na unidade respectiva da que forma parte segundo o Decreto 86/2015, malia que os estándares de aprendizaxe sexan meramente orientativos.

Tendo en conta o gran número de estándares de aprendizaxe a avaliar e a coincidencia de procedementos e de instrumentos de avaliación en moitos deles, sintetizo no cadro seguinte este apartado, agrupando os estándares en 5 tipos:

TIPO DE ESTÁNDAR	ESTÁNDARES ASOCIADOS	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.	PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.
Estándares de razoamento e recoñecemento.	ECB1.1.1, ECB1.1.2, ECB1.4.2., ECB2.4.2., ECB3.2.1., ECB3.3.1., ECB3.3.2, ECB3.4.2., ECB3.4.3., ECB4.1.4., ECB5.1.1., ECB5.2.1., ECB6.1.1., ECB6.1.3. ECB6.1.5.	Expresarse con corrección e empregando os termos da linguaxe en textos. Debater a lo menos con 3 argumentos para defender a propia posición.	OA TI e TG PC
Estándares de cálculo matemático	ECB1.3.1., ECB2.2.1., ECB2.3.1., ECB2.4.1., ECB3.1.1	Realizar o cálculo matemático e razoar economicamente o resultado	TI e TG PC



Estándares de interpretación e desenvolvemento de gráficas e táboas estatísticas	ECB1.2.2., ECB3.1.3., ECB4.1.2., ECB5.1.3. ECB4.3.2., ECB5.2.2.	Debuxar o gráfico e interpretalo en sentido económico (3 liñas a lo menos) Interpretar os datos dunha táboa (a lo menos 3 liñas)	TI e TG PC
Estándares de manexo das TAC	ECB3.1.2., ECB5.2.3	Elaborar os documentos nun tratamento de textos Utilizar unha folla de cálculo para operacións aritméticas básicas Obter información de internet	TI e TG
Estándares de conceptos teóricos	ECB1.1.3., ECB1.2.1. ECB1.3.2., ECB1.4.1. ECB2.1.1., ECB2.1.2. ECB2.1.3., ECB2.2.1. ECB2.3.1., ECB2.4.1., ECB3.4.1., ECB3.4.4. ECB3.5.1., ECB4.1.1. ECB4.1.3., ECB4.2.1., ECB4.3.1., ECB5.1.1., ECB5.1.2., ECB6.1.2., ECB6.1.4	Definir conceptos e relacionalos	TI e TG PC

Para avaliar o grao de consecución dos diferentes estándares de aprendizaxe empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
OA: Observación na aula	Caderno do profesor



TI e TG: Traballo individual e grupal sobre as tarefas solicitadas	Rúbricas con indicadores básicos a lograr. Por exemplo: <ul style="list-style-type: none">- Uso axeitado da linguaxe, utilizando vocabulario técnico e argumentando as ideas cunha linguaxe clara e ordenada.- Capacidade para argumentar as ideas propias.- Presentación de traballo respectando as indicacións sobre marxes, índice, bibliografía.- Contido completo sobre o tema a tratar.
PC: Probas escritas e cuestionarios	Proba escritas de tipo teórico, desenvolvemento de temas, comentario de noticias de actualidade, cuestións de razoamento, probas de verdadeiro/falso e porqué,...



PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN		INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>PROBAS ESCRITAS (60%)</p>	<p>Cuestións teóricas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plantear ideas principais. - Usar a linguaxe apropiada. - Relacionar conceptos. - Responder razonadamente. <p>Cuestións prácticas, problemas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plantear razonadamente o fundamento polo que se usan formulas, leis... - Razonamentos correctos. - Cálculos, resultados e unidades. 	<p>Cuestionarios e/ou supostos prácticos (CS) nos que se indicará o valor numérico que se lle asigna a cada unha das cuestións propostas relacionadas con cadanseu estándar de aprendizaxe.</p>
<p>TRABALLO DIARIO, ENTREGA DE TAREFAS, PARTICIPACIÓN (40%)</p>	<p>Análise de producións do alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación das competencias do alumnado e resolución de problemas. - Pequenos informes da realización de actividades concretas. - Portfoliio de resultados. <p>Análise de producións de grupo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Diario de sesións - Plan de equipo - Avaliación de roles de equipo - Informes sobre o traballo en equipo. 	<p>Traballo individual (TI) coa produción do alumnado que será avaliado con listas de cotexo ou indicadores de control. Podería ser solicitado ao alumnado un portfoliio coas mellores producións individuais do alumnado.</p> <p>Traballo de grupo (TG) onde se avaliará o traballo en equipo, baseado na aprendizaxe cooperativa, mediante o diario de sesións, o plan de equipo e a asunción de roles.</p>

Aclaración sobre a avaliación e cualificación das tarefas e probas:

- A cualificación obtérase da valoración das actividades que sexan realizadas na aula e recollidas polo profesor ao término de cada unidade. No caso de non cumprir o prazo de entrega das tarefas, dita tarefa obterá unha cualificación de cero.

- A nota final nas avaliacións responderá á ponderación expresada na táboa anterior.



Non serán tidos en conta nen corrixidos os traballos consistentes nunha mera impresión directa dos contidos da rede, sen unha previa elaboración por parte do alumno/a, salvo representacións gráficas ou datos tabulados. Tampouco os que sexan mera copia doutros.

As probas nas que o alumnado utilice medios fraudulentos (copiar do libro, chuletas, dos compañeiros, presentar traballos que non sexan da súa autoría ou calquera outra acción inapropiada e inxusta para os compañeiros e que non permitan facer unha valoración obxectiva do traballo e do que o alumno en cuestión ten aprendido, serán cualificadas cunha nota de cero.

Se fose necesario acudir á convocatoria extraordinaria por non conseguir unha cualificación de 5 na convocatoria ordinaria, a proba escrita a realizar para aprobar a materia versará sobre todos os contidos teóricos e prácticos impartidos ao longo do curso. Será cualificada sobre 10 e terá a mesma estrutura dos parciais realizados durante o curso. Na convocatoria extraordinaria, a cualificación será a da proba escrita, aplicando os criterios xerais de redondeo.

O **grao de adquisición global de cada competencia clave na materia** farase mediante os procedementos e instrumentos de avaliación, que serán relacionados en cada actividade cos estándares implicados.



8. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Para a materia de Economía partimos de cero en canto a coñecementos previos, e intentaremos ter en consideración as súas vivencias, inquiredanzas, experiencias persoais ou familiares, así como os propios intereses e motivacións do alumnado en busca dunha aprendizaxe realmente significativa para os estudantes.

A profesora da materia ten formación e experiencia en “Aprendizaxe Cooperativa” e tratará de aplicar as estruturas cooperativas na medida do posible sempre respectando as indicacións en materia de saúde. Constituiranse grupos heteroxéneos nos que a diversidade enriqueza a aprendizaxe propia. Buscarase tanto a aprendizaxe formal coma informal sempre favorecendo o apoio entre os compoñentes dos grupos e en base aos tres ámbitos: a) busca da cohesión do grupo para favorecer a aprendizaxe, b) contidos a traballar na materia e c) desenvolvemento de habilidades cooperativas.

O enfoque práctico e cooperativo que se lle pretende dar á materia require dun uso intensivo das TAC para a elaboración, edición, consulta ou procura de información e documentación audiovisual, así como para a confección dos produtos finais.

En definitiva, o docente deixa de ser un mero transmisor de información, para se converter nun guía do proceso de aprendizaxe que facilite ao alumnado a adquisición das competencias propias da materia. Entre o amplo abano de técnicas de aprendizaxe cooperativo que se empregarán na aula encontramos:

- 1-2-4.
- Parada de tres minutos.
- O que eu sei e o que sabemos.
- Lapis ao centro.
- O número.
- Un para todos.
- O folio xiratorio.
- Lectura compartida.
- Os catro sabios.
- Saco de dúbidas.
- Cadea de preguntas.
- Crebacabezas.
- Grupos de investigación.
-



9. Materiais e recursos didácticos.

Indícase unha relación non exhaustiva de materiais e recursos didáctica a utilizar:

- Aula polivalente do instituto no que hai:
 - Unha distribución das mesas por equipos de traballo (de 3 ou 4).
 - Computadores con conexión á internet para cada alumno/a, se ben serán utilizados polo xeral por parellas (desexable).
 - Canón de proxección e computador do profesor con conexión á internet.
 - Ipad da profesora que será empregado para a realización de vídeos, xunto coas teas para o Chroma Key.
- Recursos de aplicacións didácticas para web ou dispositivos móbiles:
 - Conxunto de ferramentas de Google Drive vinculadas á conta @iesrodeira.gal para o aloxamento dos traballos.
 - Calendario de Google para a xestión da axenda virtual
 - Correo electrónico de Gmail @iesrodeira.gal para o intercambio de comunicacións con outros axentes.
 - Aplicacións de vídeo como Touchcast.
 - Aplicacións de presentacións como Canvas.
 - Aplicacións de edición de fotografías no Ipad da profesora.

Así mesmo, contarase con outros recursos e materiais do departamento de Economía e mais do IES de Rodeira segundo as necesidades que se vaian presentando co tempo.

10. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

10.1. Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase ao longo das dúas ou tres primeiras semanas do ano académico e estará encamiñada fundamentalmente a observar como se desenvolve o alumnado desde o punto de vista da aprendizaxe cooperativa. Isto significa que daremos prioridade á realización de tarefas que poñan en valor as competencias de traballo en equipo, emprendemento e capacidade para dar axuda a outros.

O alumnado deberá realizar unha presentación oral que nos devolverá información sobre o seu nivel de desenvolvemento nas competencias clave en expresión oral e escrita (EOE), comunicación audiovisual (CA), tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e emprendemento (EMP), básicas no desenvolvemento desta materia.

A proba servirá para determinar cal é o nivel de competencia do alumnado nas catro competencias clave anteriores e, deste xeito, adaptar a cadaquén o punto de partida sobre o que



desenvolver a materia. Por outra parte, a cualificación formará parte da súa nota na materia, polo que no caso de que algún alumno non logre alcanzar o mínimo logro exixido, deberá seguir os procedementos establecidos para a súa recuperación.

10.2. Avaliación continua

A avaliación continua implica que o alumando terá, ao longo do curso, varias avaliacións polos resultados que realice durante a materia. Neste sentido, en cada unidade será avaliado un caderno de traballo individual no que rexistrarán os traballos que realicen na casa, xunto á observación da realización dos traballos encomendados na aula mediante a observación, e as actividades de coavaliación e autoavaliación que se lles indiquen.

As probas escritas serán cualificadas segundo o establecido nelas, puntuando de 0 a 10 puntos e logo ponderando esta nota polo peso no estándar de aprendizaxe. Os restantes traballos, caderno de aula e observación na aula será cualificados seguindo rúbricas que fixen os indicadores de logro. Estas serán facilitadas ao alumnado previamente á realización do traballo, para que poidan servir como guía do proceso de aprendizaxe e realización das mesmas.

A nota de cada unidade será obtida da ponderación dos diferentes instrumentos de avaliación e do peso de cada estándar dentro da unidade. A cualificación final da materia obterase da media ponderada dos estándares de aprendizaxe en función do seu peso.

Os estándares de aprendizaxe teñen indicado cal é o grao mínimo de consecución (vid. Apartado 4), debendo recuperar aqueles nos que o alumno non alcance este valor. Así mesmo, deberá recuperar unha unidade sempre que non alcance o valor mínimo de apto no conxunto dos estándares asociados á mesma (5 puntos enteiros). Os mecanismos para recuperar os estándares de aprendizaxe non superados seguirán o mesmo criterio que durante a realización ordinaria, seguindo as novas instrucións que indique a profesora para cada caso. A súa recuperación poderá facer en canto se observe a non superación dos mesmos, fixando novas datas co alumnado para a entrega de tarefas, actividades, traballos ou a realización dunha proba escrita. Dado que os estándares de aprendizaxe non son obrigatorios, pode darse o caso de que algún deles non sexa alcanzado e o alumno ou alumna aprobe igualmente a avaliación por considerarse que se pode traballar doutro xeito ou vincular a outras aprendizaxes posteriormente.

No caso de non superar unha avaliación, establecerase conxuntamente entre o profesor e o alumnado un plan de traballo que permita recuperar a mesma e, á vez, continuar o ritmo normal da clase. Este plan de traballo será avaliado a partir dos estándares de aprendizaxe da programación, se ben se poderán realizar as adaptacións necesarias de ponderacións e instrumentos.



10.3. Avaliación final

Aquel alumnado que ao finalizar as unidades da materia teña estándares de aprendizaxe non superados e deban ser recuperados, terá dereito a realizar unha avaliación final na que, mediante unha proba escrita, será avaliado daqueles estándares non superados. A proba consistirá nunha serie de preguntas teórico-prácticas mediante as que se poida pór en valor as aptitudes e coñecementos do alumnado en relación aos criterios de avaliación da materia que non ten superados. Aqueles estándares que tivera superados non serán avaliados nesta proba.

A cualificación final da materia obtense da ponderación dos diferentes estándares de aprendizaxe tal e como se indica no apartado 4. Aqueles que foran avaliados con posterioridade por non teren sido superados nun primeiro momento, serán cualificados coa nota obtida nas seguintes probas avaliadas.

10.4. Avaliación extraordinaria e actividades de seguimento, recuperación das materias pendentes.

O alumnado que na avaliación final da materia non alcance a cualificación mínima de aptitude, deberá realizar unha avaliación extraordinaria na que será avaliado dos estándares de aprendizaxe considerados básicos. A proba terá unha pregunta por cada estándar, de carácter teórico-práctico, na que o alumnado demostre o nivel de adquisición dos obxectivos establecidos para a materia. A cualificación obterase da media aritmética das preguntas do exame.

Recuperación e avaliación de pendentes

Dado que a materia se imparte exclusivamente en 4º da ESO, non hai alumnado noutros cursos coa materia pendente.

11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

11.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

	1	2	3	Observacións
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				



6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

11.2 Indicadores de logro da práctica docente

	1	2	3	Observacións
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				

12. Avaliación da programación didáctica

12.1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

A programación didáctica enténdese como unha planificación do traballo docente, cun claro obxectivo informativo ao alumnado e ás familias de como se realizará o proceso de aprendizaxe



e de avaliación do mesmo. No entanto, debe ser un documento vivo, non estático e flexible, que permita revisións e modificacións ao longo do curso, sen que por iso supoña unha indefensión para o alumnado ou unha modificación drástica do que se establece no inicio do curso.

Deste xeito, ao finalizar cada unidade procederase á revisión do establecido para esa unidade e procederase a valorar a idoneidade ou non da planificación establecida para a seguinte unidade, podendo modificar a temporalización ou algún instrumento de avaliación sempre que iso non implique unha vulneración flagrante do establecido a priori. En calquera caso, as modificacións deberán ser xustificadas, baseadas en feitos que impidan claramente a consecución do aquí establecido e sempre despois de informar ao alumnado do contido destas modificacións e oída a súa valoración sobre estas a respecto da planificación orixinal.

Indicadores de avaliación da programación didáctica

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.[Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				



17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				



13. Medidas de atención á diversidade

A partir das indicacións do Departamento de Orientación, a titoría do grupo-clase, as instrucións da Xefatura de Estudos e do Plan de Acción Titorial do centro, algunhas das medidas que se poderían implementar na materia poderían ser:

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
Medidas ordinarias (organizativas e/ou curriculares)	Medidas extraordinarias (organizativas e/ou curriculares)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Implementación da metodoloxía da aprendizaxe cooperative mediante o establecemento de equipos de traballo heteroxéneos, con tarefas diferenciadas en función do alumnado e das súas capacidades. ▪ Reforzo educativo por parte do profesor na aula. ▪ Adaptación dos tempos e/ou instrumentos de avaliación para aquel alumnado que o necesite, para o cal sempre se ofrecerán diferentes alternativas de resultados nos casos como traballos individuais, traballos en grupo ou caderno de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adaptacións curriculares na material nos casos que así se considere ▪ Outras medidas organizativas que se poidan determinar no centro para algún/ha alumno/a.

14. Actividades complementarias e extraescolares

Neste momento, e debido ás restricións sanitarias, non se contempla ningunha actividade complementaria nin extraescolar, aínda que non se descarta que se poda facer algunha visita a algunha empresa durante o curso.

Estas actividades figurarían no Plan Xeral Anual como propostas do Departamento de Economía.



15. Referencias Normativas

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- RDL 31/2020, do 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria.
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 15 de xullo de 2016: Instrucións para a implantación do currículo da ESO e do bacharelato (DOG)
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



16. Glosario e acrónimos

Glosario básico	
Desenvolvemento curricular	2º nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.
Criterios de avaliación	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
Estándares de aprendizaxe	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Segundo o RDL 31/2020 son orientativos.
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar “ o valor ” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos de	Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación



avaliación	sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a.
Outros aspectos	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis pónense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).
Nivel de desempeño das competencias	Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	Exemplo: ECB1.1.2 EC: Abreviatura da área: Economía. B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.



Competencias Clave	
CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais
Temas Transversais	
CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia
EV	Educación e seguridade viaria
Instrumentos de Avaliación	
PE	Proba escrita
PO	Proba oral
TI	Traballo individual
TG	Traballo en grupo
CC	Caderno de clase
OA	Observación na aula

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**INICIACIÓN Á ACTIVIDADE
EMPREDEDORA E EMPRESARIAL
(4º ESO)**

DEPARTAMENTO:ECONOMÍA

ANO ACADÉMICO: 2022/2023



ÍNDICE

1. Identificación da programación.....	4
2. Introducción e contextualización.....	5
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	6
4. Obxectivos.....	16
5. Relación entre os bloques de contidos, obxectivos da etapa, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	17
6. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento da materia, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.....	21
7. Concreción para os estándares de aprendizaxe da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	22
7.1. Concreción para cada unidade didáctica dos estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación e temporalización.....	22
7.2. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	30
7.3. Avaliación das Competencias Clave na materia.....	32
8. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	37
9. Materiais e recursos didácticos.....	38
10. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.....	39
10.1. Avaliación inicial.....	39
10.2. Avaliación continua.....	39
10.3. Avaliación final.....	40
10.4. Avaliación extraordinaria e actividades de seguimento, recuperación das materias pendentes.....	40
10.5. Exemplos de mecanismos de avaliación.....	40
11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.....	42
11.1. Indicadores de logro do proceso de ensino.....	42
11.2. Indicadores de logro da práctica docente.....	42
12. Avaliación da programación didáctica.....	43



12.1. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.....	43
13. Medidas de atención á diversidade.....	45
14. Actividades complementarias e extraescolares.....	45
15. Referencias Normativas.....	46
16. Glosario e acrónimos.....	47



1. Identificación da programación

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Nome	Ano académico	Sesións semanais	Nivel	Curso académico	Tipo de materia	Itinerario ensinanzas
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	2022/2023	3	ESO	4º	Troncal (TO)	Aplicadas

Profesorado asignado á materia	Luis-Jesús Fernández Rodríguez-Crespí
---------------------------------------	---------------------------------------



2. Introducción e contextualización

A materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial ten como obxectivos xerais despertar no alumnado o interese polo mundo da empresa, así como achegalo aos instrumentos necesarios para a creación e a determinación da viabilidade da mesma, conxuntamente coa adquisición de competencias emprendedoras trasladábeis a outras áreas non económicas. En base ao indicado no currículo e mais da experiencia destes anos, a programación da materia orientarase pedagoxicamente tamén ao modelo de aprendizaxe orientado a proxectos, sobre todo no caso de ser admitidos no programa Depoemprende da Deputación de Pontevedra, e a disponibilidad de recursos ou medios, principalmente a posibilidade do uso de ordenadores por parte do alumnado, facendo un especial esforzo no traballo cooperativo entre o alumando, procurando que haxa unha real e efectiva integración de todos, aprendendo uns de outros e potenciando os coñecementos e aptitudes de cada quen.

O alumando que acode ao IES de Rodeira pertence aos dous centros adscritos (CEIP A Rúa e CEIP Coiro-Castrillón), se ben tamén hai algúns de outras escolas de Cangas, Bueu e Moaña. Esta materia é unha optativa troncal da súa modalidade (aplicadas) polo que hai alumnado que a escolle sen ter un alto interese nela, mais como descarte das outras opcións (Ciencias aplicadas á actividade profesional e Tecnoloxía). En calquera caso, atenderemos moi particularmente ámbito dos emprendedores sociais, do medio ambiente e das novas tecnoloxías, a partir do modelo de economía circular, que destaquen no concello de Cangas ou na comarca do Morrazo, procurando implementar proxectos relacionados coas temáticas anteriores.

O nivel socioeconómico dos noso alumnado sitúase nun tramo medio. A actividade cultural da zona centralízase sobre todo en Cangas, vila máis importante e centro urbano ao que está máis vinculados o alumnado. Referente á lingua e usos lingüísticos, o castelán é principalmente a lingua de comunicación do alumnado, aínda que tamén existe unha minoría galego falante. Polo xeral a predisposición ao uso do galego na aula é limitado e ofrece algunha resistencia por parte do alumnado, fundamentalmente pola inercia nos anos anteriores e pola non existencia dun sistema de inmersión lingüística na educación infantil e primaria o que dificulta a súa expresión oral de forma fluída. No en tanto, soe haber boa disposición á hora de empregalo de forma escrita, tanto para a realización das actividades como de outras tarefas que se soen encomendar. Recomendarase o uso do galego en ámbolos dous usos, oral e na escrita. Non esqueceremos a importancia que teñen as linguas, polo que tamén se porá en valor a utilidade do galego para comunicarnos dentro da lusofonía e, en particular, en Portugal.

Xa en anos anteriores (dende 2017/18) o centro participou no programa “Depoemprende na ESO” co alumnado de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial no cal tiveron que crear, xestionar e disolver unha cooperativa de distribución de produtos en colaboración con outras cooperativas escolares. Dado o satisfactorio das experiencias pasadas, resolveuse



solicitar novamente participar neste programa para o ano académico 2022/2023 o que permitirá ao alumnado pór en práctica e en situacións reais os coñecementos adquiridos na aula.

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (en adiante, IAEE) resulta imprescindible para permitir desenvolver a competencia clave “Sentido de iniciativa e espírito emprendedor”, razón pola que convén inserir na mesma os coñecementos aplicados que poidan desenvolver no resto das materias. Podemos entendela como o cumio da necesaria promoción no alumnado da adquisición das competencias necesarias para poder integrarse na sociedade de xeito activo, cívico, responsábel e con sentido crítico.

Por outra parte, á hora de implementar un proxecto real no que se obrigará ao alumnado a saír do centro escolar e interactuar con axentes, empresas, organizacións e outras escolas suporá a posta en acción de todas as competencias clave obxecto de desenvolvemento durante a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria e que se concretan nas seguintes (con indicación de cadansúa abreviatura):

Competencias Clave	
CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais



Na seguinte táboa relacionanse os estándares de aprendizaxe coas competencias clave para materia de IAEE (perfil competencial da materia):

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave						
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
■ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.				X		X	
■ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.			X	X		X	
■ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.				X		X	
■ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.					X	X	
■ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.		X			X	X	
■ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.	X				X	X	
■ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.		X		X		X	
■ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve.				X		X	
■ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.).		X	X			X	
■ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.	X	X				X	
■ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.	X	X				X	
■ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.		X	X	X			
■ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	X	X	X			X	
■ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en	X	X	X			X	



redes sociais, aplicando os principios do márketing.						
■ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	X	X	X		X	
■ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	X	X			X	
■ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo.	X				X	
■ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada.	X	X			X	
■ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais.	X			X		
■ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing.	X		X		X	
■ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo.	X	X			X	
■ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.	X	X			X	
■ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.	X	X	X		X	
■ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa.	X	X	X		X	
■ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.	X	X			X	
■ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado.			X	X		



Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS	<p>IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. CCL-1</p> <p>IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. CCL-2</p> <p>IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. CCL-3</p> <p>IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. CCL-4</p> <p>IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. CCL-5</p>
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO SEU DESENVOLVEMENTO	<p>A materia contribúe ao desenvolvemento desta competencia tanto coa riqueza do vocabulario específico como coa valoración da claridade na expresión oral e escrita, o rigor no emprego dos termos, na realización de sínteses, elaboración e comunicación de documentos, informes ou carteis informativos, emprego das redes sociais, usando en todo momento unha linguaxe exenta de prexuízos, inclusiva e non sexista.</p> <p>Estratexias: lectura comprensiva de artigos; búsqueda de información e presentación de traballos e informes expresando opinións persoais e conclusións; lectura e resume de textos; búsqueda do significado dalgún termo no dicionario, deseñar mapas conceptuais; elaboración de carteis, dípticos ou outros elementos de carácter informativo e publicitario para terceiras persoas; exposición de ideas de forma oral; emprego das redes sociais, etc...</p>
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DA CCL	
<p>CCL-1. Describe os elementos básicos da Seguridade Social e do Dereito do Traballo desde o punto de vista de empresario e traballador. É quen de procurar a información en webs institucionais. Dá a súa opinión argumentada sobre o papel das políticas públicas no ámbito laboral.</p> <p>CCL-2. Describe unha empresa a partir da súa actividade empresarial, relacionando os aspectos relativos á estrutura organizativa, as funcións de cada departamento e os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.</p> <p>CCL-3. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo.</p> <p>CCL-4. Aplica técnicas de comunicación para transmitir información e lograr acordos entre os membros da empresa e con outros axentes, usando os tratamentos protocolarios apropiados, tanto de xeito presencial como telemáticos.</p> <p>CCL-5. Crea materiais publicitarios dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto tanto físicos como en redes sociais, baixo os criterios do márketing.</p>	
COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)	
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	<p>IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.. CMCCT-1</p> <p>IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. CMCCT -2</p>



<p>AVALIÁBEIS</p>	<p>IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). CMCCT -3</p> <p>IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. CMCCT -4</p> <p>IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. CMCCT -5</p> <p>IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. CMCCT -6</p> <p>IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. CMCCT -7</p> <p>IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. CMCCT -8</p> <p>IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. CMCCT -9</p> <p>IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. CMCCT -10</p> <p>IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. CMCCT -11</p> <p>IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. CMCCT -12</p> <p>IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. CMCCT -13</p> <p>IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. CMCCT -14</p> <p>IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. CMCCT -15</p> <p>IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. CMCCT -16</p> <p>IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. CMCCT -17</p> <p>IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. CMCCT -18</p> <p>IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. CMCCT -19</p>
<p>CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO SEU DESENVOLVEMENTO</p>	<p>O desenvolvemento desta competencia está intimamente relacionado con esta materia. Aparece en practicamente todos os estándares de aprendizaxe.</p> <p>Estratexias: En case todos os aspectos da materia se dan situacións reais ou simuladas nas que o alumnado deberá tratar e interpretar datos, calcular e realizar operacións, obter datos e tirar conclusións a partir dos mesmos. Analizar informacións de tipo económico con datos numéricos, tendencias, estatísticas e realización, obtención e tratamento de probabilidades para tomar decisións, en situacións de certidume ou de incertidume.</p>



ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS AO DESENVOLVEMENTO DA CMCCT

- CMCCT - 1.** Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva..
- CMCCT - 2.** Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.
VI	9	O patrimonio e as contas da empresa	10	8 Feb – 2 Mar
	10	A análise económica e financeira	12	3-22 Mar
VII	11	A función de investimento	9	11-27 Abr
	12	As fontes financeiras da empresa	8	28 Abr-16 Maio
			112	

A secuencia de unidades didácticas (UD) establécese seguindo un criterio de profundización na materia, comezando pola parte máis xeral da visión dunha empresa, para ir afondando nos diferentes subsistemas da mesma (función produtiva, función comercial, función de dirección). As UD organizáronse de forma que a temporalización aproximada de cada unha delas é de dúas semanas de duración (15 días) o que facilitará tamén a posible transición a períodos de ensino a distancia xa que esta é a duración recomendada para bloques de contidos nesta modalidade. É moi importante deixar as datas como referencia do inicio e fin das UD para que o alumnado poida organizarse claramente á hora de preparar as diferentes probas de avaliación (exames, entrega de traballos, actividades, etc...), ademais de que permite ao docente avaliar o cumprimento da secuenciación de traballo.

6. Concreción para cada estándar de aprendizaxe da temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación, así como relación entre eles e bloques de contidos, obxectivos da etapa, criterios de avaliación e competencias chave.

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño (DOG 29/6/2015), no que se establece o currículo de ESO e Bacharelato, recolle a relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias chave para a materia de Economía da Empresa, organizados por bloques temáticos. Por outra parte, ao abeiro do artigo vixésimo noveno da Resolución do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de Xuño (DOG 11/06/19), relaciónanse os estándares de aprendizaxe coa temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación.

Consonte o artigo 4 do Real Decreto-Ley 31/2020 polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria (BOE 30/09/20), os estándares de aprendizaxe que recolle o Decreto 86/2015 terán carácter orientativo, polo que os que se recollen na presente

programación poderán ser obxecto de adaptacións e modificacións futuras segundo o desenvolvemento do curso 2020/2021. En todo caso, os **elementos de referencia serán os Criterios de Avaliación da materia.**

Recóllese no **Anexo I da programación didáctica** a concreción prevista.

7. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía didáctica neste nivel de Bacharelato visa por lograr a capacidade do alumnado de recoñecer cales son os mecanismos polos que somos quen de aprender, recoñecendo e aplicando na súa práctica diaria as evidencias que a literatura científica ven demostrando como máis eficaces á hora de aprendermos. O albo é que o alumnado sexa quen de se automotivar e organizar para acadar o éxito académico e persoal.

Utilizaremos unha metodoloxía didáctica que sexa unha adaptación ao currículo oficial tendo en conta ao alumnado. Deberase reflexionar sobre as estratexias de ensino máis coherentes coas capacidades do alumnado para que eles sexan quen de se automotivar. Así, partiremos de 3 requisitos básicos:

1. Partir dunha estrutura clara e organizada do que se vai ensinar, con estruturas secuenciadas semellantes en todas as unidades.
2. Ter en conta os coñecementos, competencias e motivacións que o alumnado posúe.
3. Lograr unha motivación positiva e unha actitude favorábel do alumnado para que vexan a materia como algo útil na súas vidas.

7.1. Principios metodolóxicos

- A. A aplicación concreta das estratexias pedagóxicas seguirán o principio do **ensino baseado en evidencias**, isto é, terase en conta a literatura científica máis actual que nos mostre que fórmulas son as máis adecuadas para que o alumnado adquira unha competencia de forma eficaz.
- B. Un dos piares será lograr a **aprendizaxe por dominio (*mastery learning*)** polo que se pretende que os estudantes alcancen un nivel de perfeccionamento en coñecementos previos antes de continuar aprendendo a información subseguinte. Deste xeito, se un estudante non obtén un nivel elevado nas probas, deberáselle proporcionar apoio adicional na aprendizaxe.
- C. Na medida do posíbel, dadas as restricións impostas pola actual pandemia Covid-19, procurarase unha aprendizaxe cooperativa xa que é a técnica na que as evidencias científicas mostran que o alumnado logra un maior nivel de perfeccionamento nos coñecementos.
- D. Procuraranse estratexias que permitan e axuden ao alumnado a ser persistente, constante e que rendabilice o seu esforzo, incrementando o seu *grit* e máis a súa memoria de traballo.

- E. É fundamental mellorar as estratexias de aprendizaxe do alumnado para o cal deberemos ensinarlles técnicas de estudo máis apropiadas e estratexias para incrementar as súas habilidades metacognitivas para a aprendizaxe autorregulada.

7.2. Esquema xeral de organización das aulas (exemplo de proposta)

A materia vaise organizar de forma xeral cunha **estrutura quincenal** o que permite unha adecuada xestión de posíbeis confinamentos e ensino a distancia. Para facilitar o labor do alumnado e a súa preparación e estudo, cada Unidade Didáctica terá unha mesma estrutura:

- A. Partirase dunha actividade introdutoria na que o docente realizará unha exposición dos obxectivos da UD, os conceptos básicos e as actividades a realizar na mesma. Esta parte de **introdución teórica** terá lugar durante a primeira semana da UD. Na aula virtual disporase de ligazóns a esquemas, presentacións, videos introdutorios que permitan facer un seguimento da materia nos casos de confinamentos parciais ou totais.
- B. O alumnado deberá ordenar e presentar para cada tema un **esquema ou mapa conceptual** baixo unha serie de pautas e criterios. Para a súa realización deberá realizar un **glosario de termos de cada unidade** que achegará co mesmo. Aqueles esquemas que non cumpran as normas establecidas terán que se repetir. Como regra xeral, os mapas conceptuais ou esquemas deberán ser entregados ao finalizar a unidade. A puntualidade na entrega é requisito indispensable para a súa corrección. Alternativamente o alumnado poderá realizar outro tipo de tarefas a escoller individualmente relacionadas coa materia (comentario de textos breves, textos longos, visionado de filmes, series ou documentarios, realización dun plan de empresa...).
- C. É fundamental a **participación na clase**, realización de preguntas, propostas de mellora, dúbidas, aportacións, comentarios de novas, dinámicas de grupo, traballo en equipo... por parte do alumnado.
- D. A actividade centrarase na **resolución de casos teóricos e prácticos**, así como o uso de prensa e videos de carácter económico e empresarial, con especial énfase na actualidade e relacionados coa materia a traballar.
- E. Cada semana ou cada quincena serán realizadas **probos de avaliación de duración limitada** (15-20 minutos) coa materia que se vaia impartindo desde o primeiro día de clase, co obxecto de potenciar a memoria a longo prazo do alumnado afianzando os conceptos básicos da materia.
- F. Todas as **tarefas e/ou actividades avaliábeis** serán entregados obrigatoriamente a través da Aula Virtual da materia aloxada en *aula.iesrodeira.gal*.

7.3. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.

Relación de materiais e recursos didácticos:

- 7) A **Aula Virtual** da materia aloxada na do IES de Rodeira (aula.iesrodeira.gal) é o centro de referencia onde se fará o seguemento da materia. O alumando deberá darse de alta na mesma nos primeiros días de clase e familiarizarse co seu uso. Nela se incorporarán toda a documentación necesaria, así como foros, listas de discusión, comunicación entre alumando e profesorado, etc...
- 8) **Apuntamentos** subministrados polo docente que servirán de guía para o desenvolvemento da aula. Serán postos a disposición no curso ad hoc da Aula Virtual, sendo deber do estudiantado contar con el durante as aulas ordinarias.
- 9) **Libros de texto**: dado o carácter propedéutico deste ano académico, calquera libro de texto pode servir como apoio ao material subministrado na aula. En todo caso, convén comentalo co docente antes de seguir algún en concreto.
- 10) Uso de **apps móbiles**: será un recurso fundamental para o desenvolvemento da materia a utilización de apps que permitan un mellor aproveitamento das aulas, tal como calendarios, xestión de tarefas, cartóns de repaso e memorización, etc...
- 11) Libros, artigos periodísticos e de revistas e, en xeral cantas **fontes económicas** poidan ser de utilidade á materia. Neste sentido é moi importante a referencia de blogs, videoblogs e contas en redes sociais que traten aspectos relacionados coa materia.
- 12) Procurarase a utilización dos recursos da **biblioteca escolar** e garantirase que os filmes ou documentarios que se poidan propor como material complementario estea dispoñíbel na mesma.

8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

8.1. *Avaliación inicial.*

A avaliación inicial realizarase ao longo das dúas ou tres primeiras semanas do ano académico e estará encamiñada fundamentalmente a observar como se desenvolve o alumnado desde o punto de vista da aprendizaxe. É relevante analizar que coñecementos do ano anterior fican pendentes, se ben dada a non conexión total da materia de Economía e Economía da Empresa, non será unha cuestión de relevancia.

Será relevante na avaliación inicial detectar entre o alumnado:

- Coñecementos previos sobre a materia.
- Disposición e intereses persoais.
- *Grit* individual, entendido como capacidade para automotivarse, esforzarse e perseverar.
- Memoria de traballo individual, para detectar a capacidade de concentración e retención inmediata.

8.2. Procedemento de avaliación continua

A avaliación continua implica que o alumando terá, ao longo do curso, múltiples avaliacións polos resultados que realice durante a materia. O obxectivo é detectar as mudanzas producidas no coñecemento do alumando ao longo do desenvolvemento do curso, que permitan tomar decisións pedagóxicas apropiadas para corrixir erros ou deficiencias. Aliás, a programación e avaliación vén condicionada pola proba ABAU á que poden presentarse na materia Economía da Empresa.

En cada UD realizaranse diferentes tipos de avaliacións, segundo os instrumentos a utilizar, e íranse adaptando a cada unha delas, así como a cada bloque temático, en función dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Como criterio fundamental adóptanse dúas decisións:

1. Nos diferentes instrumentos de avaliación que se empreguen agrúpanse varios estándares arredor das tarefas que se realicen (exames, actividades e tarefas do alumnado).
2. Os estándares considerados fundamentais terán unha especial atención e poderán ser avaliados ao longo do curso varias veces. Neste caso, a cualificación do mesmo será sempre a última obtida pois é a mostra da consolidación da aprendizaxe do mesmo.

8.3. Instrumentos de avaliación.

Os instrumentos de avaliación que se utilizarán na materia de Economía da Empresa resúmense na seguinte tabela:

INSTRUMENTO	CONCRECIÓN	OBSERVACIÓNS
PROBAS OBXECTIVAS ESCRITAS	Cuestións teóricas: <ul style="list-style-type: none"> - Definir conceptos e ideas principais. - Usar a linguaxe apropiada. - Relacionar conceptos. - Responder razoadamente. Cuestións prácticas, problemas: <ul style="list-style-type: none"> - Fundamentar razoadamente o fundamento polo que se usan fórmulas, leis... - Razoamentos correctos. - Cálculos, resultados e unidades. 	Cuestionarios, preguntas de definición e/ou supostos prácticos (PE) seguindo o modelo establecido para a proba ABAU.



INSTRUMENTO	CONCRECIÓN	OBSERVACIÓNS
ACTIVIDADES OU TAREFAS	<p>Análise de producións do alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación das competencias do alumnado e resolución de problemas. - Pequenos informes da realización de actividades concretas. - Portfolio de resultados. - Plan de empresa ou análise de empresa - Mapas conceptuais e resumos - Glosario de termos - Esquemas - Comentarios de texto 	<p>Actividades ou Tarefas (TF) individuais e/ou grupais nas que se afondará e practicará os diferentes aspectos da materia e especialmente os estándares de tipo procedimental. Serán de relevancia criterios como:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Puntualidade na entrega - Presentación e formato adecuado - Creatividade e criterio persoal - Razoamento e argumentación en base aos conceptos básicos - Reflexión crítica e persoal da información. - Referencias a bibliografía ou outras fontes para a resolución das tarefas. - Propostas de mellora.
OBSERVACIÓN NA AULA	<p>Actitude e disposición na aula (exemplos non exhaustivos):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización das tarefas non avaliábeis - Participación na aula ou foros de aula virtual - Respecto polas normas e compañeiras - Aportación de ideas e críticas construtivas nos comentarios de clase 	<p>Observación na Aula (OA) a partir de anotacións realizadas polo docente no caderno de aula para cada alumno. De cada participación anotarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - MB: excelente contribución. - B: contribución ou aportación suficiente. - IN: insuficiente contribución ou inadecuado comportamento na aula.

8.4. Criterios de cualificación

A nota de cada unidade será obtida da media ponderada dos diferentes instrumentos de avaliación en cada unidade. Todos os criterios de avaliación serán avaliados con ambos instrumentos de avaliación previstos (Proba Escrita e Tarefa). O obxectivo é obter un elenco amplo de instrumentos de avaliación para cada estándar que permita valorar do xeito máis obxectivo a adquisición do coñecemento por parte do alumnado.

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	PESO NA CUALIFICACIÓN
PROBAS OBXECTIVAS (PE)	<p>Unha proba semanal ou quincenal de tempo reducido (PER) (15-20 min) orientada aos conceptos básicos da materia. Poderá ser realizada de forma presencial na aula ou a distancia na Aula Virtual se proceder.</p>	<p>3 puntos da nota final. Obterase da media aritmética de todas as probas realizadas desde o comezo do ano académico.</p>



INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	PESO NA CUALIFICACIÓN
	<p>Unha proba trimestral (PET) seguindo a estrutura da ABAU.</p> <p>No caso de non poder realizar as probas semanais ou quincenais anteriores nalgún dos trimestres, serán substituídos por outra proba trimestral, pasando a realizar dúas por trimestre, incrementando o peso da nota final no relativo á anterior.</p>	<p>4 puntos da nota final.</p> <p>A cualificación obtense da media ponderada das probas realizadas, aplicando o 25% para a primeira, o 35% para a segunda e o 40% para a terceira.</p> <p>No caso de non realizar as probas semanais ou quincenais nalgún trimestre, calcularase a media as dúas probas trimestrais e aplicarase a fórmula anterior. Neste caso o peso será do 70% sobre a nota final.</p>
<p>ACTIVIDADES OU TAREFAS (TF)</p>	<p>Análise de producións do alumnado que poderán realizar:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación das competencias do alumnado e resolución de problemas. - Pequenos informes da realización de actividades concretas. - Portfolio de resultados. - Plan de empresa ou análise de empresa - Mapas conceptuais e resumos - Glosario de termos - Esquemas - Comentarios de texto 	<p>3 puntos da nota final.</p> <p>Para cada UD poderanse realizar as seguintes tarefas relacionadas até os 3 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Glosario de termos: 0,50 puntos. - Mapa conceptual ou Esquema: 1 punto / Mapa mental ou Resumo: 1,50 puntos. - Comentario de texto breve: 0,50 puntos. - Comentario de vídeo breve: 0,50 puntos. - Comentario de texto longo: 1 punto. - Visionado e comentario de filmes, series ou documentarios: 1,5 puntos. - Actividade plan de empresa: 1,5 puntos. - Lectura libro e comentario: 2 puntos (pode servir para varias unidades).
<p>OBSERVACIÓN NA AULA (OA)</p>	<p>Por cada intervención na aula do alumnado, este individualmente recibirá unha cualificación (MB, B, IN) xunto coa data na que se produciu.</p> <p>Cada alumno terá, sempre que asistira ás aulas, un mínimo dunha anotación por cada semana, o que supón un mínimo de dúas por unidade didáctica.</p> <p>Valoraranse como negativos aqueles incumprimentos de normas de convivencia, comentarios inadecuados, etc.. que non supoñan unha falta de convivencia establecida nas NOF do centro.</p>	<p>Redondeo ao enteiro superior.</p> <p>Observación na Aula (OA) a partir de anotacións que o docente fará no caderno de aula para cada alumno e que en caso de ter unha cualificación superior ao 75% do valor de ítems positivos suporá un redondeo até o enteiro superior na cualificación do trimestre ou anual da media obtida polos restantes instrumentos de avaliación.</p> <p>P.ex., se da media anterior se obtén un 7,3 puntos e na OA se superan o 75% de valor dos ítems marcado, a cualificación final será de 8.</p>

O alumnado deberá realizar un mínimo dun 80% das PER para calcular a media desta parte. No caso de non poder realizar algunha PER realizarase no primeiro día que o mesmo asista á aula, sempre que a falta for xustificada. Naqueles casos nos que non se alcance un 80% das

PER nunha avaliación, a PET suporá o 70% da cualificación do trimestre. En casos de confinamento parcial ou total, habilitaranse mecanismos para realizar a proba ben mediante videoconferencias, ben mediante a Aula Virtual. Alternativamente, nos casos nos que durante un trimestre non se poida realizar satisfactoriamente esta parte de forma online, non se terán en conta as cualificacións obtidas nestas probas PER, tendo unha ponderación do 70% nas PET.

Para optar á cualificación como apta deberá ter unha media superior a 3 en cada instrumento de avaliación (PER, PET e TF). A **cualificación trimestral** obterase da media ponderada dos instrumentos de avaliación do período. A **cualificación final da materia** obterase da media ponderada das probas realizadas en todo o período.

8.5. Avaliación extraordinaria e actividades de seguimento.

No caso de non superar unha avaliación, establecerase conxuntamente entre o profesor e o alumnado un plan de traballo que permita recuperar a mesma e, á vez, continuar o ritmo normal da clase. Este plan de traballo será avaliado a partir dos estándares de aprendizaxe da programación, se ben se poderán realizar as adaptacións necesarias de ponderacións e instrumentos. O alumnado que na avaliación final da materia non alcance a cualificación mínima de aptitude, deberá realizar unha avaliación extraordinaria na que será avaliado dos estándares de aprendizaxe establecidos como básicos ou fundamentais.

8.6. Imposibilidade de aplicar os criterios de avaliación e de cualificación ordinarios.

O alumnado que, por causa de faltas inxustificadas de asistencia, non asista a un mínimo dun 90% das aulas presenciais ou a distancia, non poderá ser avaliado mediante os criterios de avaliación e de cualificación ordinarios. Para evitar que se dea esta situación, o alumnado recibirá unha notificación cando alcance o 6% das faltas inxustificadas de asistencia mediante correo-e á conta corporativa (@iesrodeira.gal). Chegado ao 10% das faltas inxustificadas, o alumnado non poderá ser avaliado coas cualificacións ordinarias, debendo realizar o seguinte procedemento para a avaliación:

1. A cualificación final obterase dunha proba única que terá lugar antes da avaliación ordinaria do ano académico 2020/2021.
2. Esta proba, que versará sobre os contidos e criterios de avaliación fixados nesta programación, terá unha estrutura semellante á proposta para as probas ABAU.

Dado o calendario para o ano académico 2022/2023, prevese un **total de 112 sesións** para a materia de Economía da Empresa. O 6% de faltas inxustificadas alcanzaranse con 7 faltas de asistencia e o **10% con 12 faltas de asistencia**.

8.7. Mecanismo para informar ás familias

As familias poden acceder á información de todas as probas, traballos, cualificacións e demais información relativa aos seus fillos, fillas ou titorados. Aliás, terán dereito a recibir a información e informes individualizados sobre as aulas, podendo subministrarse un correo-e de referencia ao que enviar toda a información anterior, á vez que ao alumnado.

No caso do alumnado maior de idade os proxenitores poderán acceder á información relativa a cualificacións e demais, sempre que contén con autorización expresa do alumnado.

9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e da práctica docente

Na seguinte tabela reflíctese a temporalización prevista para cada estándar, distribuídos por avaliacións. Farase o seguimento da mesma indicando se se cumpre ou non, os motivos delo e as oportunas correccións.

Estándares de aprendizaxe	Avaliación			Cumprimento
	1ª	2ª	3ª	
Bloque 1. A empresa				
EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	X			
EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	X			
EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	X			
EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	X			
EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	X			
EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	X			
EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	X			
Bloque 2. Desenvolvemento da empresa				
EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	X			

Estándares de aprendizaxe	Avaliación			Cumprimento
	1ª	2ª	3ª	
EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	X			
EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	X			
EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	X			
EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	X			
EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	X			
EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	X			
Bloque 3. Organización e dirección da empresa				
EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	X			
EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.	X			
EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	X			
EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.	X			
EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.	X			
EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	X			
Bloque 4. A función produtiva				
EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	X			
EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	X			
EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	X			
EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	X			

Estándares de aprendizaxe	Avaliación			Cumprimento
	1ª	2ª	3ª	
EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.	X			
EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	X			
EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	X			
EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	X			
EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	X			
EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	X			
Bloque 5. A función comercial da empresa				
EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.		X		
EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.		X		
EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.		X		
EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.		X		
EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.		X		
EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.		X		
EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.		X		
EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.		X		
Bloque 6. A información na empresa				
EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.		X		
EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.		X		
EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.		X		
EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos.		X		
EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.		X		
EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.		X		



Estándares de aprendizaxe	Avaliación			Cumprimento
	1ª	2ª	3ª	
EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.		X		
EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.		X		
EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.		X		
EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.		X		
EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.		X		
EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.		X		
EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.		X		
Bloque 7. A función financeira				
EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.			X	
EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.			X	
EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.			X	
EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.			X	
EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.			X	
EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.			X	
EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.			X	
EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.			X	
EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.			X	
EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.			X	

O obxectivo é acabar a tempo o temario, polo que se revisará a programación en caso de non ser capaces de desenvolver un mínimo de 6 bloques dos 7 de que consta a materia.

Enquisa ao alumnado cando finalice o ano académico para avaliar o seu nivel de satisfacción co curso. Medirase este nivel de satisfacción respecto da materia, a metodoloxía empregada, o grupo de alumnos e o profesorado. Considerarase aceptábel un nivel de 7 sobre 10. En caso contrario haberá que reflexionar e adoptar medidas correctoras.

Os resultados académicos dos grupos de 2º de Bacharelato deberían ser satisfactorios en condicións normais, polo que se a taxa de suspensos for superior ao 20% consideramos que é preciso revisar a programación para modificar as pautas de actuación.

10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

O alumnado de 2º de Bacharelato que teñan pendente a materia de Economía de 1º, terá seguimento durante todo o curso e se lle proporán actividades a realizar, ademais da posibilidade de realizar probas escritas coincidentes coas dúas primeiras avaliacións e a última na terceira semana de maio, dado que o remate do curso de 2º de Bacharelato é anterior ao remate de 1º Bacharelato. A nota obtida corresponderá nun 70% á media dos exames ponderada segundo a porcentaxe de materia que abrangan cada un deles, sendo necesario puntuar en cada proba unha cualificación maior a 4 en cada unha. O 30% restante corresponderá ás actividades e tarefas encomendada, que deberán ser entregadas nos prazos establecidos.

É necesario alcanzar unha nota final igual ou superior ao 5 para considerar superada a materia.

A concreción da fórmula para traballar e superar a materia recollerase nun documento individual de seguimento que será entregado polo docente ao inicio do ano 2022/2023 e asinado polo alumno.

Para o ano 2022/2023 a materia de Economía de 1º de Bacharelato terá como referencia a programación do curso 2021/22.

11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

A aqueles alumnos que, por cambiar de modalidade, precisen superar os contidos da materia de Economía de 1º seranlle de aplicación as cuestións indicadas no apartado 10 - pendentes. Coa salvedade de que non se trata de alumnos coa materia pendente xa que non a cursaron con anterioridade. Para este tipo de alumnos o departamento ten as portas abertas para calquera aclaración, realización de traballos e exercicios, recomendacións de lectura e, en xeral, cantas actividades sexan necesarias para a comprensión e superación da materia.

12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

A maioría de alumnos proceden do propio centro e son alumnos que xa cursaron a materia de Economía en 1º de Bacharelato, polo que non ten moito sentido unha proba de avaliación inicial. Xa sabemos cal é o seu nivel de coñecementos previo; porén, na primeira semana do ano académico realizarase un repaso de conceptos básicos en Economía que servirán como medida de revisión do nivel de coñecementos previos do alumnado.

13. Medidas de atención á diversidade.

En bacharelato os alumnos non soen presentar necesidades especiais, e a case totalidade teñen os recursos suficientes como para superar o curso sen necesidade de maiores problemas.

Con carácter xenérico e dada a crecente incidencia de casos de TDAH e/ou Asperger, encomendaráselle o departamento de Orientación que sinala cales serían as medidas máis axeitadas para atender adecuadamente a este alumnado.

14. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

O centro non aprobou ningún elemento transversal.

15. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Neste momento non se contempla ningunha actividade complementaria nin extraescolar para os grupos de 2º Bacharelato.

16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Os resultados académicos dos grupos de 2º de Bacharelato deberían ser satisfactorios en condicións normais, polo que se a taxa de suspensos é superior ó 20% se consideraría que é necesario revisar a programación para modificar as pautas de actuación.

Debería ser posible rematar o temario, polo que se revisará igualmente a programación en caso de non ser capaces de facelo.

A satisfacción dos alumnos debería ser aceptable. Neste curso se propón como obxectivo un 7 sobre 10 nunha enquisa que se fará a finais de curso. En caso de non acadar ese resultado se deberían revisar a práctica docente e a programación para tratar de reverter a situación.

17. Adaptacións da programación a períodos de ensino a distancia e confinamentos parciais ou totais.

A organización da materia está feita de forma que se poida seguir en casos de confinamentos parciais ou totais, ben en semipresencialidade, ben en ensino a distancia. A tal fin, toda a materia sa irá subindo progresivamente á plataforma de Aulas Virtuais do IES de Rodeira no curso “Economía da Empresa” aloxado no 2º de Bacharelato. Con carácter xeral, todas as comunicacións, entrega de tarefas, consulta de cualificacións, aclaracións ou outras análogas serán realizadas a través desta plataforma nos mecanismos que se dispoñan. Isto permitirá que durante os períodos presenciais o alumnado se vaia familiarizando co uso da plataforma para, chegado o caso, poder seguir o desenvolvemento da materia de xeito online.

Aliás, para os casos nos que haxa confinamentos poranse a disposición do alumnado vídeos explicativos sobre os contidos da materia. As tarefas que se deban realizar para cada unidade serán entregados de forma ordinaria a través da Aula Virtual, polo que non haberá variación no caso dos confinamentos.

En relación ás probas, no caso de non se poderen realizar de forma presencial, serán substituídas por probas análogas de forma online, ben a través da plataforma de Aulas Virtuais, ben mediante videoconferencias nas que o alumnado teña que realizar probas orais, escritas ou unha combinación de ambas.

No caso de confinamento do docente ou de toda a aula, o horario establecerase de forma que das 4 sesións semanais, 2 serán mediante videoconferencias nas que se resolverán dúbidas e aspectos relacionados coa materia e as outras dúas serán para a realización de tarefas e actividades que se soliciten no curso da Aula Virtual.

Os instrumentos de avaliación poderán ser modificados, previa comunicación ao alumnado, no caso de confinamentos se hai unha imposibilidade manifesta de aplicar algún dos previstos.

18. Referencias Normativas

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

Real Decreto-Lei 31/2020, de 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria.

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Resolución do 15 de xullo de 2016: Instrucións para a implantación do currículo da ESO e do bacharelato (DOG)

Orden do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

19. Glosario e acrónimos

Glosario básico	
Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.



<p> <p>Criterios de avaliación</p> </p>	<p>Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).</p>
<p> <p>Estándares de aprendizaxe</p> </p>	<p>Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.</p>
<p>Criterios de cualificación</p>	
<p> <p>Indicadores de logro</p> </p>	<p>Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.</p>
<p> <p>Grao de consecución dun estándar</p> </p>	<p>Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.</p>
<p> <p>Criterios de cualificación e instrumentos</p> </p>	<p>Serven para ponderar “o valor” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.</p>
<p> <p>Procedementos e instrumentos</p> </p>	<p>Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).</p>
<p> <p>Rúbrica</p> </p>	<p>Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.</p>
<p> <p>Portfolio</p> </p>	<p>Achega de producións dun alumno/a.</p>
<p>Outros aspectos</p>	



Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis pónense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).
Nivel de desempeño das competencias	Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	Exemplo: EEB1.1.2 EE: Abreviatura da área: Economía da Empresa. B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

Anexo I

Dada a experiencia de anos anteriores co confinamento e coa posibilidade de que se produzan peches da escola parciais ou totais, desde o departamento de economía consideramos que inda que se relacionan con bastante detalle os procedementos e instrumentos de avaliación, estes son susceptibles de seren modificados durante o ano académico, xa que o devir do curso podería impedir a posta en práctica dalgúns deles. Neste caso, o alumnado sería informado coa suficiente antelación das modificacións que se realicen.

Así mesmo, coa modificación normativa establecida polo **RD-L 31/2020 os estándares de aprendizaxe da presente programación pasan a teren un carácter orientativo**, polo que a referencia de avaliación se concreta nos Criterios de Avaliación e na proposta de concreción que se fai para cada un deles.

1.1. Relación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación e o seu nivel de concreción.

Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias chave
	Bloque 1. A empresa			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ i ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A empresa e a empresaria. ▪ B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. ▪ B1.3. Clases de empresas. ▪ B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais das propietarias e xestoras, e as esixencias de capital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. ▪ EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIE ▪ CD ▪ CMCCT



Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias chave
			<ul style="list-style-type: none"> EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a d h i l m p 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Contorno da empresa. B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. B1.7. Funcionamento e creación de valor. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CSC CSIEE CD CSC CSIEE



Economía da Empresa. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias chave
			<ul style="list-style-type: none"> EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
Bloque 2. Desenvolvemento da empresa				
